

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación 6494/2018 de “**RENOVACIÓN PARCIAL Y SISTEMA INTELIGENTE DE GESTIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR**” iniciado por Providencia de Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2019, que servíu tamén de xustificación da solución contractual proposta.

Visto que o expediente de contratación foi aprobado por Decreto de Alcaldía 2019-0170 de 13 de febreiro

Visto que os pregos e o anuncio de licitación foron obxecto de publicación no DOUE e no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, na data 18 de febreiro de 2019

Visto que ao existir un anuncio de información previa no DOUE o razo de presentación de ofertas reduciuse a 15 días dende o envío do anuncio de licitación ao DOUE, rematando dito prazo o 27 de febreiro de 2019

Visto que con posterioridade por parte dos Técnicos advertíuse unha deficiencia na documentación que acompaña aos Pregos de Prescricións Técnicas

Visto que dita deficiencia foi subsanada na data 21 de febreiro coa publicación do proxecto rectificado na Plataforma de Contratación do Estado

Visto que dita rectificación inflúe na redacción da oferta técnica a presentar polos licitadores no que respecta ao estudo lumínico, xa que hai que refacer todos as seccións de estudos lumínicos; o que supón para o licitador cambio de luminarias en determinados casos, conseguir nova documentación, novos orzamentos, etc.

Visto que a LCSP non regula esta cuestión, polo que é de aplicación supletoria a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común no que respecta a ampliación de prazos, que no seu artigo 23 establecece “*podrá acordar de maneira motivada la ampliación del plazo máximo de resolución y notificación, no pudiendo ser éste superior al establecido para la tramitación del procedimiento*”.

Visto que este Concello ten a intención de respectar as datas de apertura de plicas reflexadas nos anuncios de licitación publicados, previstas para as datas 7 de marzo e 20 de marzo de 2019

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda da LCSP, en virtude do Decreto de delegación 682/2015 de 15 de xuño

Visto o recollido no artigo 10 da Lei 40/2015 respecto a avocación da delegación de competencias

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Ampliar o prazo de presentación de proposicións no expediente de contratación 6494/2018 de “**RENOVACIÓN PARCIAL Y SISTEMA INTELIGENTE DE GESTIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR**” en cinco días, polo que a data de remate para presentación de ofertas será o **4 de marzo de 2019, as 14.00 horas.**

TERCEIRO. Publicar esta Resolución pola que se amplía o prazo de presentación de proposicións no expediente de contratación 6494/2018 de “**RENOVACIÓN PARCIAL Y SISTEMA INTELIGENTE DE GESTIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR**” no Perfil de Contratante do Concello da Estrada, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.